Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

Logo esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias sociais nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña un, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no segundo curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade aproximadamente. Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posúe un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás o egocentrismo no que vivían na etapa anterior. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Observamos a paisaxe	A situación de aprendizaxe invita o alumnado a reflexionar sobre as diversas paisaxes que hai ao noso arredor, diferenciar entre os elementos naturais e os construídos polo ser humano, ademais de analizar os cambios que estes sofren tanto polo paso do tempo como cos cambios de	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Observamos a paisaxe	estacións ou as diferenzas producidas nos terreos, dependendo de se están situados na costa ou en zonas de interior.	17	12	X		
2	Vivimos nunha localidade	Nesta unidade sinálase que as localidades poden ser de diversos tamaños e isto inflúe notablemente na vida dos seus cidadáns. Neste momento centrámonos nas diferentes estruturas poboacionais, segundo se viva nunha vila ou aldea ou nunha cidade, e como afecta ao modo de vida dos seus veciños, á súa tranquilidade e mesmo á súa formación e orientación laboral. Queremos centrarnos na importancia de convivir axeitadamente cos nosos veciños e por iso todos debemos respectar e cumprir unha serie de normas de convivencia.	17	12	X		
3	Valoramos todos os traballos	Nesta unidade analízase que desde idade temperá todos os alumnos se preguntan que serán de maiores, cal será a súa profesión. Incídese en que existen moitos traballos diferentes, sinalando que algunhas persoas traballan na natureza e grazas a elas obtéñense alimentos e outros materiais; outras traballan en fábricas transformando eses materiais en produtos elaborados; e outras dedícanse a prestar servizos a outras persoas.	17	12		X	
4	Necesitamos auga e aire	Nesta unidade préstase atención a que a auga e o aire son bens imprescindibles para a supervivencia de todos os seres vivos que habitan o planeta, por iso tanto a contaminación do aire como o uso abusivo da auga son dous riscos inasumibles para a saúde ambiental. Así, imos tratar de analizar os factores que inflúen na conservación destas fontes de vida. A partir desta unidade didáctica, o alumnado coñecerá máis a fondo contidos relacionados coas extensións de auga presentes no noso planeta e as súas características, ademais de analizar o aire e os fenómenos atmosféricos que nos afectan e como a intervención humana está a producir un cambio climático cuxas consecuencias xa se ven reflectidas no noso contorno máis próximo, cun aumento de temperaturas e escaseza de auga en determinados momentos nalgunhas zonas do planeta.	17	12		X	
5	Descubrimos o universo	A situación de aprendizaxe invita o alumnado a pensar sobre o que existe máis alá do planeta Terra, observar a imaxe dun astronauta e reflexionar sobre a multitude	17	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Descubrimos o universo	de preguntas que lles gustaría que fosen contestadas. Desde este abano de preguntas, algunhas cuestións poderían ser: analizar que hai no universo, como é a Terra e como se representa, cales son os seus movementos, que vemos no ceo de noite e que é un sistema solar.	17	12			X
6	Coñecemos a nosa historia	Nesta unidade a situación de aprendizaxe parte da nosa historia persoal e familiar. A través das vivencias familiares, internarémonos nas formas de vida e tradicións populares e como estas marcan as formas de actuar na actualidade, ademais de explorar os restos do pasado aínda presentes e descubrir personaxes do pasado cuxa influencia persiste hoxe en día.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Observamos a paisaxe	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer as normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
2	Vivimos nunha localidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
3	Valoramos todos os traballos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
4	Necesitamos auga e aire	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos ou feitos ou fenómenos próximos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
5	Descubrimos o universo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos ou feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos ou feitos ou fenómenos próximos.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
6	Coñecemos a nosa historia	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Computador de aula
PDI
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Aula virtual do centro
Libreoffice writer // Word
Genially
Liveworksheets
Kahoot

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para cualificar ao alumnado.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación as medidas ordinarias e as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as primeiras.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levarase a cabo reforzo educativo por parte do titor e de profesorado con dispoñibilidade horaria. Tamén se levarán a cabo metodoloxías que favorezan a inclusión de todo o alumnado, como o traballo colaborativo e en equipo.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias contamos co apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Tendo presentes estas medidas de atención á diversidade, levando a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, teranse en conta aspectos coma os seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias clave.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias persoais e socio-familiares, botando man da adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes ou apoios visuais, aplicacións dixitais,...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ao medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións e coordinacións con outras institucións (Servizos Sociais, SERGAS, asociacións con convenio coa consellería,...) que atendan ao alumnado da aula.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	
ET.5 - Creatividade		X			X	
ET.6 - Emprendemento		X			X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X		X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.14 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X
Obradoiros	De forma transversal e ao longo de todo o curso participaremos nos obradoiros dos venres.	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación
Coherencia entre os obxectivos e os contidos

Metodoloxía empregada
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ANEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoráranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	49
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	50
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	50
6. Medidas de atención á diversidade	51
7.1. Concreción dos elementos transversais	52
7.2. Actividades complementarias	54
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	55
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	56
9. Outros apartados	56

1. Introducción

A área de Educación Física ten como obxectivo principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais. Agora ben, non quedaremos simplemente no concepto puramente motricista. Na Educación Física o alumnado desenvólvese cognitivamente, afectivamente e socialmente. Faremos especial fincapé no desenvolvemento das Competencias Clave, e nese camiño, non deixaremos de comunicarnos co noso alumnado, a través das instrucións, correccións ou suxerencias, aportándolles diferentes contornas de traballo; incitándolles a comunicarse entre eles e con nós por diferentes medios; a que coñezan o seu propio corpo e o dos demais. Polo comentado no parágrafo anterior, non é obxecto da presente programación a preparación do alumnado como deportistas cualificados, senón máis ben, é obxecto da presente programación contribuir á formación integral do alumnado como persoas a través da motricidade. É importante o matiz que se ven de sinalar e que se vai reflectir nos criterios de cualificación, onde van ter tanto peso as actitudes do alumnado (respecto ao cumprimento das normas da clase, respecto das regras dos xogos e actividades, respecto aos compañeiros e compañeiras, atención as explicacións do profesor, esforzo na realización das actividades e xogos, procura dun ambiente de compañeirismo), como as súas aptitudes (perfección nas actividades). Na presente programación empregaremos o xogo físico como o máis importante recurso, como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador.

* CONTEXTUALIZACIÓN. _____

- Centro: CEIP Enrique Barreiro Piñeiro
- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 2º A
- Nº alumnos/as: 23 (12 nenas e 11 nenos)
- Contorna: _____
- Instalacións: ximnasio, dúas pistas polideportivas (unha semicuberta) e unha moi extensa zona verde no exterior.
- Xornada escolar: continua (09:15 a 14:15)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecémonos	Unidade didáctica na que se recordarán normas básicas da área e faranse xogos de presentación.	4	4	X		
2	Este é o meu corpo	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar problemas no ámbito motor (torpeza,	9	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Este é o meu corpo	descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo -temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo.	9	6	X		
3	Xoga como o sentes	<p>As percepcións obtidas a través dos sentidos, xogan un papel moi importante en todas as accións cotiás. Na educación educación física, este desenvolvemento e concienciación dos sentidos será aínda máis importante dende o momento no que se lle pide ao alumnado a realización dunha serie de movementos e desplazamentos non cotidianos.</p> <p>As sensacións sumadas á creatividade e recursos expresivos do alumnado serán os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica.</p> <p>Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal.</p>	8	6	X		
4	A un lado e ao outro	Con esta UD pretendemos afianzar a lateralidade do noso alumnado, co fin de que durante a actividade física predomine unha parte simétrica do corpo en relación coa outra, algo que lle permitirá ser máis hábil na execución de tarefas coa parte dominante.	8	6	X		
5	Os equilibristas do circo	<p>O equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético).</p> <p>Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais, desprazamentos por superficies de apoio inestables ou reducidas...</p>	9	6	X		
6	Como te moves?	Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc.	8	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Aquí ou alí. Agora ou nunca.	Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible. A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automatice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.	9	6		X	
8	Saltar, xirar,... e volver a comezar!	Seguindo co traballo das habilidades motrices básicas, esta UD estará enfocada aos saltos e xiros. Ambas habilidades permitirá ao alumnado adquirir unha bagaxe motriz fundamental para desenvolverse en diferentes situacións.	9	6		X	
9	Comos hábiles	A coordinación é un elemento fundamental no desenvolvemento físico das persoas. Está presente en todos os movementos que realiza o ser humano, desde as actividades da vida diaria ata os xestos deportivos. Distinguiremos varios tipos de coordinación, que agruparemos en dous grandes núcleos: coordinación dinámica xeral e coordinación parcial- segmentaria.	10	6		X	
10	Xuntos podemos acadar grandes logros.	A través da cooperación e xogos cooperativos, levaremos a cabo sesións nas que poñamos en práctica a expresión corporal, a danza e o ritmo.	9	6			X
11	Gozando e coidando do noso entorno	Combinaremos actividades no medio natural cos ambientes de aprendizaxe.	9	6			X
12	Os xogos de sempre	Unidade didáctica que ten como finalidade que os alumnos/as coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	8	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecémonos	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de ter unhas metas claras á hora de desenvolver proxectos motores individuais, cooperativos ou colaborativos, valorando a súa consecución tras a análise dos resultados.	TI	100
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.		
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de senderismo.			
Xincana natural	Saída a un parque cercano para realizar a primeira das sesións da última Unidade Didáctica "Xogos na natureza". Dita sesión incluírá unha xincana de xogos aproveitando o medio natural no que estamos, e engadíndolle material que levamos do centro.			
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contratos Programa CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.			

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Alumnado: conseguíuse motivalo, despertar a súa curiosidade, participación activa,...
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respectanse as súas características individuais.
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implícitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e, o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro aos preceptos recollidos na mesma.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción no Decreto de Educación Plástica e Visual. Recolle o nivel de 2º de Primaria partindo da intencionalidade de explorar as posibilidades expresivas e creativas do alumnado fomentando a súa espontaneidade e desinhibición.

Preséntanse as concrecións do curso, máis redáctase de forma unificada xa que os proxectos a desenvolver implican a colaboración entre diferentes niveis e o compartimento dos mesmos principios metodolóxicos. En canto a distribución do currículo trata de ser unha programación de carácter aberto e flexible, para poder introducir así as modificacións que se consideren necesarias. Adaptarase, en todo momento, á diversidade que presenta o alumnado co fin de ofrecer propostas educativas significativas.

Neste centro o Programa Plurilingüe concibe e regula as materias impartidas en fala inglesa (Arts and Crafts) observándose a necesidade de apoiarse no bilingüismo para facilitar a comprensión e expresión dos diferentes contidos establecendo de xeito natural as relacións entre o inglés e o galego.

Para contribuír ao seu logro, e en relación ao referente Decreto, a proposta concrétese en tres UD's como guía, repartidas trimestralmente, nas que se traballarán os bloques establecidos no Decreto e, tamén, a través de proxectos recollidos en Arts and Crafts

Darémoslle especial importancia á expresión oral e adaptaremos o Decreto á realidade do centro. A experiencia deste enfoque na materia co alumnado apoia esta liña de acción. Ademais, esta programación estará relacionada co proxecto do centro deste curso "Os Países do Mundo" e traballarase a través de distintas festividades culturais.

A lingua predominante neste centro é a castelá, mentres que na contorna, é a lingua galega. Sitúase na parroquia de Vilaríño, pertencente ao concello de Cambado e trátase dun centro de titularidade pública de liña 1. Conta con 9 unidades, 6 de EP e 3 de EI, sendo o grupo para o que esta programación está deseñada o de 2º de Educación Primaria e que estará fortemente ligada ao proxecto do centro deste ano que está relacionado cos distintos países do mundo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

Neste apartado atopamos os obxectivos relacionados coa súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	We are thankful for everything we have!	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica. As conmemoracións do Samaín, Acción de Grazas e o Nadal cobrarán especial relevancia. Todos estas celebracións estarán relacionadas cos xeitos nos que se festexan en Galicia e nos Estados Unidos.	33	12	X		
2	Hop little bunny!	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos relacionados co Día da Paz, o Entroido, o Día Internacional da Muller e a Semana Santa traballaranse de xeito máis destacado. Todos estas celebracións estarán relacionadas cos xeitos nos que se festexan en Galicia e nos Estados Unidos.	33	12		X	
3	Once upon a time...	Continuar a desenvolver proxectos artísticos, establecidos no Proxecto Plurilingüe a través da expresión artística de proxectos relacionados coas Letras Galegas, Día do Libro serán de especial relevancia, entre outros. . Todos estas celebracións estarán relacionadas cos xeitos nos que se festexan en Galicia e nos Estados Unidos.	34	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	We are thankful for everything we have!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Clasifica e ordeas as cores primarias e secundarias no círculo cromático e utilízalas con sentido nas súas obras.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras de xeito guiado.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a si mesmo/a de xeito guiada através de manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma colaborativa para deseñar producións plásticas e visuais.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dunha colaxe grupal.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas a través do proceso ou do produto final.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa respecto polas propostas artísticas e visuais propostas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas a través do proceso e do resultado final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
2	Hop little bunny!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe de forma oral ou gráfica diversas manifestacións artísticas e culturais.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Practica con precisión o recorte, o pegado e o pintado con curiosidade e interese.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a si mesmo/a a través das súas propias producións.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de xeito colaborativo para desenvolver unha produción guiada.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mosaico grupal.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas a partires do proceso ou do resultado obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubre propostas artísticas variadas mostrando curiosidade.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe de xeito oral ou gráfico manifestacións culturais ou artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende e emprega termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresións plásticas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Utiliza a pantalla dixital da clase con curiosidade e interese para producir obras de xeito guiado.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de forma moi guiada no deseño de producións audiovisuais básicas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas a través do proceso e do resultado final.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosa interese polo traballo individual e colabora co grupo para a consecución dun fin colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Once upon a time...	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura, de xeito moi guiado información sobre manifestacións culturais e artísticas.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza debuxos sobre paisaxes empregando as cores axeitadas e as formas aprendidas nas unidades anteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a si mesmo/a a través de producións visuais e plásticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Colabora no desenvolvemento de producións plásticas e visuais.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na decoración do corredor coa temática de composicións paisaxísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte experiencias creativas a través do proceso ou do produto final.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura, de xeito moi guiado información sobre manifestacións culturais e artísticas.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica, coñece e relaciona co ordenador e a pantalla dixital as características dos elementos naturais e artificiais propios dunha paisaxe sinxela.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora e representa imaxes paisaxísticas despois dunha presentación audiovisual.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a si mesmo/a a través de producións visuais e plásticas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de paisaxes.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas a través do proceso e do resultado final obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso.

Contidos

- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado.

As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Cartolinas

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cunha pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha observación directa e sistemática a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o.

Esta consistirá na realización dun mural conxunto con todo o alumnado do centro para dar a benvida a nosa auxiliar de conversa que vén dos Estados Unidos. A través deste, escoitaremos as ideas previas que este alumnado ten sobre a cultura que imos a explorar ao longo do curso así como tamén a forma que teñen de traballar de xeito individual, en grupo e de facer producións propias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Dentro deste apartado preténdese explicar, xustificar e relacionar os diferentes procedementos de avaliación cos seus correspondentes instrumentos, xa que nos permiten avaliar o proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos.

Polo tanto, tendo en conta que a avaliación do noso alumnado ten que ser global, continua e formativa así como a natureza creativa e visual desta materia, os procedementos de avaliación empregados nesta materia será a observación directa e sistemática que quedará reflexada en forma de táboas de indicadores (100%).

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do trimestre.

Neste centro, de ser este o caso, o procedemento consistirá na comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

O elementos transversais do curso traballaránse de xeito implícito a meirande parte do tempo mentres que o alumnado desenvolve a súa aprendizaxe competencial dun xeito artístico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X

Observacións:

Este tipo de actividades fomentará que o alumnado do centro se sinta máis unido e que a súa seguridade en si mesmo aumente ao ver as súas obras expostas para todo o público.

Ademais, a rapazada afondará nos aspectos máis culturais dos Estados Unidos ao mesmo tempo que establece unha conexión coa forma na que festexamos esa celebración en Galicia, fomentando a interculturalidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo. De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza. Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	39
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	40

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua castelá e literatura e está pensada para ser levada a cabo nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña un, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no segundo curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade aproximadamente. Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posúe un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás o egocentrismo no que vivían na etapa anterior. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A ensinanza da lingua castelá e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

- Bloque 1: A lingua e os seus falantes
- Bloque 2: Comunicación oral
- Bloque 3: Comunicación escrita
- Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional
- Bloque 5: Educación literaria
- Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas (agrupamentos, horarios..) como curriculares (adaptacións significativas e non significativas), e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais.

No caso de alumnado de altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido a súa rápida aprendizaxe.

No caso de alumnado con Trastorno por déficit de atención e hiperactividade, terase en conta se o diagnóstico e dun TDAH con predominio inatento, hiperactivo ou combinado. Estableceranse unha serie de medidas que, sen supoñer unha adaptación curricular, lles faciliten demostrar o aprendido. Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame. Entre as posibles medidas estarían:

- Manter unha orde, unha rutina e unha previsión. Establecer normas claras, argumentadas e consistentes.
- Situar ao alumno na primeira ou primeiras filas.
- Dirixirse a el con ordes precisas, simples e breves asegurándose de que entendeu a mensaxe.
- Axudarlle a organizarse.
- Establecer rutinas, ensinarlle a supervisar o seu propio traballo. Fragmentar os traballos longos.
- Pode alternarse o traballo de pupitre con outra actividade que lle permita levantarse e moverse un pouco.
- Formularlle preguntas durante a exposición para permitirle expresarse.
- Nos exames: preguntas cortas e enunciados directos, incluír preguntas que impliquen respostas breves, espazo suficiente para responder, reducir o número de preguntas por folla e adaptar o tempo preciso para realizalo, etc.
- Aplicar correccións unicamente cando sexan necesarios.
- Traballar os aspectos emocionais (recoñecemento e expresión de emocións), a autonomía e a seguridade en si mesmo.
- Animarlle reforzándolle os logros. Premiar o esforzo e as condutas positivas, expresar os seus logros en público. Eloxar condutas concretas.
- Evitar a expresión pública das súas limitacións ou carencias.

No caso de alumnado con discapacidades sensoriais, medidas que lles faciliten demostrar o aprendido. Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame. Terán o apoio necesario de especialistas dentro e/ou fóra da aula, se fora necesario.

No caso de alumnado con TEA (trastorno de espectro autista), medidas que teñan en conta as súas dificultades na comunicación, na socialización e na aprendizaxe, e que lles faciliten demostrar o aprendido.

Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame.

Entre as posibles medidas estarían:

- Ensinarlle habilidades sociais.
- Evitar excesiva estimulación visual
- Manter unha orde, unha rutina e unha previsión. Establecer normas claras, argumentadas e consistentes.
- Situar ao alumno na primeira ou primeiras filas.
- Dirixirse a el con ordes precisas, simples e breves asegurándose de que entendeu a mensaxe.
- Axudarlle a organizarse.
- O apoio e asesoramento de especialistas.

No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe por Atraso no Desenvolvemento, adaptación curricular, se fose preciso, e apoio de especialista en pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

No caso do alumnado de altas capacidades intelectuais, flexibilizarase tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente. Como medida de resposta educativa adoptaranse medidas de Enriquecemento Curricular.

Entre as diferentes opcións cabe destacar o Programa de Enriquecemento Extracurricular, as ampliacións partindo das unidades didácticas programadas, a preparación de recunchos ou talleres de enriquecemento, a introdución de proxectos e novos contidos, os programas de desenvolvemento cognitivo, os programas de desenvolvemento creativo e os programas de desenvolvemento emocional.

No caso de alumnado procedente do estranxeiro, teranse en conta as súas circunstancias, os seus coñecementos, a súa idade e o seu historial académico e unha valoración polo DO. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar este desfasamento, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade. Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar tales como emprego de grafías de maior tamaño, priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación oral/escrita/visual e/ou táctil. O centro prestará, se é preciso, o apoio necesario para superar o desfasamento no nivel de competencia curricular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.		X					
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X				X		
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.							X

Observacións:

Hai elementos transversais que se traballarán en UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os seus contidos. Outros, traballaranse de xito específico nas conmemoracións a tal fin.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X
Visitas al centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores..		X	
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa Le	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

Trataremos de investigar e coordinar co/coa titor/a do grupo, implementando o traballado no aula.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñaronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a traves de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL..

Descrición:

Realizaremos o seguimento e comparación da planificación temporal prevista para o desenvolvemento das aprendizaxes coa temporalización. Detectaremos tamén as causas, así como, as medidas correctoras. Co fin de facilitar a recollida, a análise da información e a avaliación, recolleremos na táboa só aqueles estándares nos que se produza variación na temporalización:

- Estándar de aprendizaxe avaliable
- Temporalización inicial prevista
- Temporalización real
- Causas da desviación
- Medidas correctoras...

Na análise das causas polas que non cumprimos a temporalización dos EA analizaremos, entre outros aspectos, os seguintes: asistencia e puntualidade do alumnado e do profesorado, cantidade, tipo e complexidade das actividades, motivación do alumnado e do profesorado:

- Metodoloxía
- Celebracións
- Distribución dos estándares por trimestre

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas revisaranse as programacións ao final de cada trimestre:

- Revisión das programacións item
- Datos obtidos Obxectivo proposto para a programación (% en función do número de alumnado): con todas as materias aprobadas, co 80 % do alumnado aprobadas, cunha ou dúas materias suspenas, que menos do 15 % suspenda unha ou dúas materias, que menos do 5% teñá tres ou máis materias suspensas.

Causas e propostas de mellora e corrección:

Faremos o seguimento e comparación da planificación temporal prevista para o desenvolvemento dos estándares de

aprendizaxe coa temporalización. Detectaremos tamén as causas, así como, as medidas correctoras. Co fin de facilitar a recollida, a análise da información e a avaliación, recurriremos a táboas só aqueles criterios nos que se produza variación na temporalización:

- Criterio avaliable
- Temporalización inicial prevista
- Temporalización real
- Causas da desviación
- Medidas correctoras...

Tamén, analizaremos, entre outros aspectos, os seguintes: asistencia e puntualidade do alumnado e do profesorado, cantidade, tipo e complexidade das actividades, motivación do alumnado e do profesorado:

- Metodoloxía
- Celebracións
- Distribución dos estándares por trimestre...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	40

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua galega e literatura e está pensada para ser levada a cabo nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña un, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no segundo curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade, aproximadamente. Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posúe un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás o egocentrismo no que vivían na etapa anterior. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa e lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatória e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (Na aula, no parque)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (conto, poema, teatro)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(escribir oracións, describir unha persoa)</p> <p>Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Usamos a biblioteca)</p> <p>Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Palabras con ca, co, cu, que , qui ; palabras con ga, go, gu, gue, gui)</p>	10	16	X		
2	UD2	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (Na feira do libro, no centro de saúde)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (conto, cómic, anuncio)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Ficha de escritura, enlazar</p>	12	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UD2	oracións) Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Como é a túa familia) Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Palabras con za, zo, zu, ce, ci ; ortografía visual ; o punto e a maiúscula)	12	16	X		
3	UD3	Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (Na casa) Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (conto, noticia, texto informativo) Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Describir un lugar) Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Imos de viaxe) Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(A maiúscula nos nomes propios ; Palabras con mp e mb)	12	16	X		
4	UD4	Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (No aeroporto, no xardín) Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (Canción, lenda, instrucións) Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Escribir unha postal, alongar oracións) Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Organizamos unha festa) Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Ortografía visual ; Palabras con R forte e r suave)	12	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	UD5	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (Na praza de abastos, no teatro)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (Texto informativo, teatro, poema)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Elaborar unha etiqueta, entrevista)</p> <p>Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (De quen é este animal?)</p> <p>Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Ortografía visual ; Palabras con br e bl)</p>	13	18		X	
6	UD6	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (No parque natural)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (Texto informativo, conto)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Separar oracións)</p> <p>Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (coñecendo a localidade)</p> <p>Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Palabras con x e ll)</p>	13	18		X	
7	UD7	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (No restaurante, no centro da cidade)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (Texto informativo, conto, normas)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no</p>	14	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UD7	<p>desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(encadear oracións, escribir unha recita e unha noticia)</p> <p>Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Como funciona?)</p> <p>Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(Palabras con i ; a interrogación e a admiración)</p>	14	18			X
8	UD8	<p>Comunicación oral: este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos. (No parque de atraccións, na praia)</p> <p>Competencia lectora: o eixe deste bloque é a lectura de textos literarios e non literarios. (poema, conto, cartel)</p> <p>Escritura: este bloque fai fincapé no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía.(Escribir un conto, escribir un poema)</p> <p>Competencia comunicativa: Neste taller propóñense actividades para coñecer con máis detalle algunhas familias léxicas e campos semánticos. (Colaboramos nunha revista)</p> <p>Ortografía: Ao longo deste taller, propóñense actividades para fomentar a escritura e o uso correcto das letras e os signos de puntuación.(A coma, a partición de palabras, ortografía visual)</p>	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Desfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intepreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).

Contidos
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a partir da observación da contorna.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información .		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intepreta adiviñas e pequenos refráns traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progesa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.

Contidos

- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	UD3	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Recoñece a diversidade lingüística na contorna escolar, familiar e social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de cenro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora as lendas como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta pequenas lendas traballadas na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Prograsa na adquisición de vocabulario relacionando osignificado entre unhas palabras e outras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.

Contidos

- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	UD4	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce, con planificación acompañada e con cohesión e coherencia, textos orais con diferentes intencións comunicativas		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para analizar o contido do textos escritos proposto.	TI	100
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Produce, con axuda, textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de cenro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura.na utilización das movas tecnoloxías para a procura da información		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textosdo seu interese e de diversas fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendación lectora dalgún libro.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora as fábulas como fonte de lecer e gozo persoal.		
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

Contidos

- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo/a nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

- A Autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A Manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumnado é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estean preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos..
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...
Libros de biblioteca de aula e de centro
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e

independente.

4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario, lectura e comprensión lectora e a escritura e gramática.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	12	13	13	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula (40%)
- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) (20%)
- Actividades de expresión e creación (20%)
- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén cualificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) Para obter unha cualificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación as medidas ordinarias e as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as primeiras.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levarase a cabo reforzo educativo por parte do titor e de profesorado con dispoñibilidade horaria. Tamén se levarán a cabo metodoloxías que favorezan a inclusión de todo o alumnado, como o traballo colaborativo e en equipo.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias contamos co apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Tendo presentes estas medidas de atención á diversidade, levando a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, teranse en conta aspectos coma os seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias clave.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias persoais e socio-familiares, botando man da adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes ou apoios visuais, aplicacións dixitais,...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento				X		X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X		X			
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)			X		X			
ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura na biblio	Para fomentar no alumnado o gusto pola lectura visitaremos a biblio unha hora a semana.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades culturais	Asistencia ao teatro, museo, espectáculos musicais, charlas, exposicións, etc. establecendo no alumnado a curiosidade e o interese polas manifestacións culturais.	X	X	X
Obradoiros	Para promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.

- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	2º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A presente programación destínase ao alumnado de 2º, sendo 12 nenas e 11 nenos

A lingua predominante do alumnado é o castelán.

Análise dos resultados do curso anterior:

Todo o alumnado procede de 1º de EP. Analizando a cualificación de matemáticas, a maioría ten superada a área, se ben hai un alumno e unha alumna que amosan non consecucións dos obxectivos na 3ª avaliación.

Análise das competencias: En canto ao desenvolvemento das competencias clave, o alumnado amosa a súa maior fortaleza en relación á CAA e CSC e mostra máis debilidade e así reforzo na CCL.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Regleteando	<p>Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "Regleteano", o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinando diversos recursos.</p> <p>Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas</p>	15	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Regleteando	cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda, ...e usando as regletas de base para a maioría do traballo manipulativo.	15	30	X		
2	Experimentando as matemáticas	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	30	X		
3	As matemáticas tamén se disfrazan	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a	15	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	As matemáticas tamén se disfrazan	resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	30		X	
4	As matemáticas son un arte	<p>Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal).</p> <p>A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada.</p> <p>A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.</p>	20	30		X	
5	As matemáticas fan deporte	<p>Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza.</p> <p>As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas.</p> <p>A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o</p>	15	30			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	As matemáticas fan deporte	traballo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	30			X
6	As matemáticas van de excursión	<p>Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado.</p> <p>Poderá deseñarse de múltiples formas: saída pola contorna, xincana pola vila, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes.</p> <p>As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes.</p> <p>A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.</p>	20	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Regleteando	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico de sumas e restas na resolución de problemas con números naturais ata o 999	PE	40
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións espaciais na vida cotiá.		
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado, relacionado con estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación con cantidades ata o 999.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente, relacionando a operación de suma coa de resta.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas: estimación de cantidades, valor posicional, composición e descomposición de números..		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.	TI	60
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro senón que insistir para superalo.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros e aportando ideas.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable, con orde, claridade e limpeza como actitude a desenvolver no traballo matemático.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo

Contidos

- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.
- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
 - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.
 - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
 - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
 - Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
 - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
 - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
 - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
 - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
 - Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
 - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
 - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.
 - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
 - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10^º) como solución de problemas de situacións cotiás.
 - Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
 - Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
 - Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
 - Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Organización e análise de datos

Contidos

- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Experimentando as matemáticas	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	40
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións, posicións espaciais na vida cotiá..		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas. Ex. Sumas dobres, buscar o 10 antes de resolver..		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable	TI	60
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros, aportando tamén ideas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás. - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais). - Medición <ul style="list-style-type: none"> - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (reglas, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións <ul style="list-style-type: none"> - Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Patróns <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia. - Modelo matemático <ul style="list-style-type: none"> - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado. - Relacións e funcións <ul style="list-style-type: none"> - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ?. - Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. - Pensamento computacional <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.

Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
3	As matemáticas tamén se disfrazan	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	40
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións, posicións na vida cotiá..		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións , posicións..		

CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Asocia os instrumentos musicais propostos á familia correspondente de cada un: corda, vento ou percusión.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre os animais e instrumentos do Carnaval dos animais de C. Saint-Säens.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación dun pequeno conto con animais, empregando diferentes instrumentos e obxectos sonoros para a súa dramatización.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Asocia algunhas das manifestacións traballadas ao continente, país, zona ou rexión correspondente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre os movementos dos animais e instrumentos do Carnaval dos animais de C. Saint-Säens.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Reproduce xestual e corporalmente os animais interpretados nos pequenos contos creados polos outros grupos.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respeto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia

- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- dixitación das notas traballadas na frauta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Frauta doce
Cartafol con aneis
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas, pois esta compártese coa materia de Ciencias Sociais en inglés. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo especificamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s, pé/s de micro e cableado empregarase para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa fruta.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical de 1º primaria.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio de táboas de indicadores, das cales se levarán un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Os criterios de cualificación da área de música de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final son os que se indican na táboa anterior. Representan os instrumentos que se empregan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación. Estes instrumentos permitirán recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe no aspecto actitudinal, conceptual e procedimental. Cos resultados obtidos deses instrumentos rexistrados asignarase, finalmente, a a cualificación pertinente.

A nota trimestral, no tocante ao que as unidades se refire é:

1º Trimestre: UD1 55% e UD4 45%

2º Trimestre: UD3 60% e UD4 40%

3º Trimestre: UD5 60% e UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

1º Trimestre: 28%

2º Trimestre: 32%

3º Trimestre: 40%

En canto á ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación, detállase:

- UD1 = 100% Táboa de indicadores
- UD2 = 100% Táboa de indicadores
- UD3 = 100 Táboa de indicadores
- UD4= 100%Táboa de indicadores

Finalmente, cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso se por análise da persoa docente e/ou conxunto da Xunta de Avaliación a progresión do alumno/a argumenta a este/a a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto atendendo a razóns pedagóxicas isto será o que prevalecerá.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A avaliación continua: lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase e seguimento de fichas. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema co que se está a traballar ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Xa para rematar, en canto ás competencias clave se refire, farase tendo en conta a relación dos obxectivos da área coas mesmas, de tal maneira que:

1.- Competencia lingüística (CL): obxectivos 3,4,5

2.- Competencia plurilingüe (CP): obxectivos 1,3,5

3.- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM): obxectivos 1,3,5

4.- Competencia dixital (CD): obxectivos 1,3,4

5.- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): obxectivos 1,3,4

6.- Competencia cidadá (CC): obxectivos 1,3,4,5

7.- Competencia emprendedora (CE): obxectivos 1,4,5

8.- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): obxectivos 1,2,3,4,5

Na presente programación terase en conta o marco normativo para a avaliación destas competencias, avaliaranse os diferentes descritores a través de desempeños, escalas de observación e/ou listas de observación de cada un deles. Para isto, será preciso analizar os diferentes resultados dos CA relacionados con cada un dos obxectivos, así como a concreción curricular do centro en relación a este apartado. Por isto na avaliación final o equipo docente reunirse para, en ralción a dita concreción e ao seu punto 2 " A contribución á adquisición das competencias clave", acordar a cualificación de ditas competencias de modo colexiado.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar recibirá os apoios necesarios para superar as aprendizaxes non acadadas, con pautas que faciliten a recuperación e o proceso na aprendizaxe, e propostas de reforzo axeitadas.

No caso de que as medidas ordinarias non fosen suficientes, solicitarase axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumnado/a para organizar un plan específico de reforzo para que o durante do resto do curso poida acadar o grao de consecución das competencias correspondentes.

Máis especificamente, se os mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente poderá ser recuperado de cara a avaliación final. Tratándose dun aspecto de adquisición meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneo ,tanto nas aprendizaxes previas, experiencias... como nas características de cada un dos seus membros. Existen distintos ritmos de aprendizaxe moi marcados, un contexto que será tido en conta, xa que o ritmos e os modos de aprender van a ser diferentes. Ante as dificultades que poidan aparecer nas situacións de aprendizaxe plantexadas, teranse en conta:

Medidas ordinarias:

-Adaptación de tempos (teranse en conta as características de cada alumno/a flexibilizando estes se fora preciso)

- Instrumentos de avaliación

Reforzos educativos: no caso de deficiencias no coñecemento de contidos, datos, saberes da área: traballarase a través de ensino individualizado/personalizado, coa implementación de anotacións orixinais, apoios e reforzo educativo, actividades en diferentes niveis de dificultade que permitan o avance do/a alumno/a.

- apoios do profesorado con disponibilidad horaria

- plans específicos de refrozo e/ou ampliación, no caso dos nenos/as que acaben antes as tarefas

- os agrupamentos dentro da aula dependendo do contexto da aprendizaxe: trátase de xestionar o propio coñecemento e facer que aprendan e se retroalimenten grazas ao traballo en grupo. Este aspecto será tido en conta xa que a priori os grupos de iguais son máis favorables cara a aprendizaxe que o dirixido a través dun adulto, neste caso o/a mestre/a. Este tipo de traballo será positivo para desenvolver habilidades sociais ademais de fomentar hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo... é dicir, inferíndose nesta medida o desenvolvemento das competencias clave en boa medida.

- Modos de presentación das tarefas: coa implementación de recursos visuais, infografías, esquemas... así como a posible progresión e presentación das mesmas parcialmente sempre que as características persoais de cada discente o precise.

Medidas extraordinarias:

- adaptacións curriculares

- agrupamentos flexibles

- apoios das mestras de Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica

Outras medidas para a atención educativa:

No caso de que o alumno presente dificultades para asistir ao centro por causas xustificadas:

- emprego da Aula Virtual ou Entorno Virtual de Aprendizaxe (5º e 6º co proxecto Edixgal)

- videoconferencias a través das plataformas cooperativas

- mensaxería abalar

Estas medidas poderán ser ampliadas e/ou modificadas dependendo das características que presente o alumnado no momento de aplicarlas.

Ademais destas medidas tomadas polo profesorado encargado de impartir a área, poderase contar con apoios dentro da aula, de ser precisos o mesmo tras a avaliación inicial e o recollido nos históricos do Departamento de Orientación. Todas estas medidas así como aquelas que sexan extraordinarias, seguirán a normativa vixente en relación á diversidade (Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqúí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Concerto de todo o centro en relación ao proxecto de centro: O mundo nunha viaxe	X		
Concerto didáctico	Concerto didáctico no 2º trimestre, a cargo do conservatorio de música da zona.		X	
Obradoiro de música instrumental	A cargo dun grupo profesional de percusión		X	
Teatro Caracol	A cargo dun grupo amateur de teatro da zona, no 3º trimestre			X

Observacións:

Desde a área de música participarase en todas as actividades propostas para este curso na medida en que sexa posible, celebracións anuais de centro: Samaín, magosto, día da paz...entre outras. Tratarase de que cada unidade, na medida do posible, teña asociada unha actividade extraescolares ou complementaria, sempre que sexa posible, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. Por outra banda, xa que moitas das actividades extraescolares non se atopan decididas ao comezo do curso, unha vez decididas as mesmas e crendo ser convenientes para o noso alumnado, o mestre terá que rexistras as actividades e informará a dirección do centro. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deberán ser abordadas ao longo do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das UD foi axeitada

O 80% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente
As situacións de aprendizaxe integraron o desenvolvemento e desempeño de máis dunha competencia
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na PD
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos...en función das necesidades do alumno/a
Leváronse a cabo medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Foi necesario adoptar medidas de reforzo educativo
Outros
Traballaron en equipo, cooperativamente

Descrición:

Os indicadores expostos anteriormente avaliaranse a través de listas de control con carácter trimestral para poder realizar un seguimento tanto dos resultados académicos do alumnado así como da práctica docente e da propia programación. No caso de non acadar algún indicador de logro analizaremos posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas. Dentro de estas medidas incluíranse reforzos, variacións da temporalización, instrumentos de avaliación, entre outras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non)

Na derradeira avaliación este procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora realizarase a través da aplicación PROENS tendo en conta e sendo un punto de partida estes datos na realización da programación do

seguinte curso académico do grupo ao que foi destinado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado en VILARIÑO, unha aldea rural de Cambados. As familias viven principalmente do traballo do campo. A zona caracterízase polas viñas e as adegas da uva albariña. O nivel socioeconómico é medio e a relación familia-escola sempre foi boa. As familias polo xeral implícanse na educación dos seus fillos e fillas, aspecto que favorece o proceso de ensino e aprendizaxe.

O grupo seleccionado de 2º EP, está composto por 12 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 6/7 anos. O grupo está composto por 23 nenos e nenas dos cales 12 escolleron proxecto competencial e 11 relixión católica. O feito de que o grupo se reduza, favorece unha atención máis individualizada e isto redonda nunha maior calidade no proxecto.

A nivel académico é un grupo moi heteroxeneo con diferenzas fundamentais como é a adquisición ou non da lectoescritura. Isto fai obrigatorio o deseño de situacións de aprendizaxe que permitan diferentes niveis de afondamento para atender ás necesidades e/ou potencialidades de todas e todos.

A nivel atitudinal, é un grupo moi faladeiro e distraído. Non obstante, polo xeral amósanse motivados e con boa predisposición fronte ao traballo.

O proxecto que levaremos a cabo é sobre a vendimia. O produto final será facer unha maqueta con lego sobre todo o que acontece na vendimia. Ao final do curso, a maqueta exporase ás familias e nos corredores do centro para involucrar a toda a comunidade educativa.

Este proxecto procura desenvolver no alumnado habilidades e actitudes científicas, de investigación, indagación, comunicación e de habilidades sociais para construír alumnado acorde ao mundo no que viven.

Para decidir a temática do proxecto, presentóuselle ao alumnado diversos temas a elixir. É especialmente relevante o tratamento de contidos relativos ao grupo, debido ás necesidades presentes na aula. A necesidade de desenvolver a comprensión, a empatía, a tolerancia, o respecto, a solidariedade, o compañeirismo, a comprensión das emocións propias e alleas e a resolución pacífica de conflitos cobran especial interese polas diferenzas e diversidade da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Facendo as sondaxes.	Investigaremos sobre os diferentes etapas da vendima e porémolas en común.	30	13	X		
2	A construír!	En grupo poranse mans a obra para construír a maqueta	30	12		X	
3	Fin de obra.	Recolleita, elaboración do produto final e presentación do mesmo.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Facendo as sondaxes.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da agricultura e dos cultivos galegos.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a maqueta		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A construir!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Fin de obra.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a maqueta da vendima construída	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "A vendima mola".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupo de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir como é a vendima, as distintas técnicas agrícolas, as épocas de bota e de recolleita... O grupo recompilará informacións sobre distintos aspectos:

- O cultivo da viña
- Técnicas agrarias.
- As boas prácticas agrícolas. A sostibilidade.
- Características do produto.

...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a construción da maqueta e traballarase co material axeitado.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará coa axuda do mestre/a, a maqueta construída, facendo unha breve descrición de todo o proceso e explicando as características máis importantes da mesma.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polas distintas aulas de primaria.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Matemáticas (delimitación de espazos, superficies, perímetros, volumes...).
- Ciencias Naturais (coñecementos básicos sobre distintas especies vexetais, importancia das mesmas...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, mapas de cultivos, técnicas tradicionais...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).
- Música e Danza (buscas de información en rede).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible
Fichas
Pezas de lego
Material complementario: lapiz de impresión 3D, impresora 3D, troqueladora...
Material para decorar: etiquetas, carteis...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Recompilación da información.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades cooperativas, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita			X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Para promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
